



REAL ACADEMIA GALEGA

Vigo, 24 San Migueliño das uvas maduras

Sr. Don Fermín Bouza-Brey
Compostela.

Meu [ceive?] Fermín: Respondo á tua do 3, agora xa apousado nos meus lares, antre os libros e os papés que un vai acadando, non sei ben pra qué.

Vexo que te resistes a pensar nun volume de poesía feito apostas; deixemos, pois, que vaia saindo engordiño, pois teño a certidume de que eisí, pouquiño a pouco, cas pancadas da vida, das emocións e das ledicias, sairá. Nin ti estás pasado –todo o contrario, a meu ver cada dia mais outo e maduro- nin eses de que falas son poetas; a tua crasificación é moi axeitada; son os copreiros do “¡Ai, meu amor!”, cos que se podería facer un feixiño e guindalos ao mar. Tí non caviles e sigue facendo a tua poesía.

Do meu asunto da Academia non falemos mais; e ben sabes que de antemán ise era o meu pensamento. Si eu falei algo, foi polo que oín. Morra o conto.

Moito me aledan isas tuas descubertas da vida de Rosalía; en verdade non sei onde e cómo fas isas esculcas, encol de tantas e tales cousas. Pero o que é preciso é que non gardes as túas novas nunha carpeta, das millenta que tes. Débeste meter con esa biografía de Rosalía, pois a verdade é que a de García Martí é ben probiña. E tampouco debes dar os datos nunhas sinxelas notas, para que veñan outros atrás a apañalos.

Recibín o folleto da Exposición, moi interesante. A figura de Aguirre sempre me atraíu.

Mándoche parte do prometido: unhas vellas paremias tomadas dos Cancieiros, que algunha spoño che servirá. Non deixei da man o teu tomo da Escolma; eu rematei o meu, e quedei medio estafado, porque foi un atracón de máquina e demais, de moito mimo.

Téñoche que insistir de novo no das estelas, pois metinme agora de cheo a orgaizar aquila sala, e preciso as leituras e versións definitivas o mais axiña que poidas. Perdoa que cho repita, mais é a Santo de que me interesa tamén resolver canto antes.

¿Qué mais novedades hai? ¿Cando me toparás unha ducia de tarxetas de visita composteláns? Teño a seguridade de que Ostergerger calcografiou algunha.

E nada máis; estou canso e teño sono. Moitas apertas de

XoséMaría...



REAL ACADEMIA GALEGA

Ca di un verbo que ca non semeou
millo quen paxariñas receou

(Xohan Soares Coello, C.V. 284)

Un verbo antigo, de mi ben
verdadeiro e ca diz asi:
quen leve vai, leve x'ar ven.
(Pero d'Ardia, C.V. 713)

Avintor comedes que adiviñades.
(Esteban Coello, C.V. 321)

que ben e mal sempre na face ven
(D. Denis, C.V. 219)

(Port. aitual “o mal e o bem á face vem”)
e dicen verdade por ña ren
do que muito quer a pouco deven
(Lopo, xograr, C.V. 703)

(Port. aitual “quen tudo quer, tudo perde”)
Do que ben serve, sempre oí dicer
que ben pede,....
(Esteban da Guarda, C.V. 225)

pararnas han de falecer
(Id., C.V. 925)

quen s'axudar quer do allo
faz barata d'algo e dallo.
(Id. C.V. 932)

qual ricohome, tal vasalo;
qual concello, tal campana.
(A. Lopes de Baiona, C.V. 1082)

Ouço eu dicer un verbo aguisado
que ben e mal sempre na face ven
(Esteban Fernández d'Elvas, C.V. 219)





REAL ACADEMIA GALEGA

Nunca aqueste verbo antigo achei:
quan lonxe dos ollos tan lonxe do coraçon
(Fernando Esquío, C.V. 900)

Nota que xa os trobadores lles chamaban
antigos a algúns distes refráns

